

RESUMO PROGRAMACION CULTURA CIENTÍFICA 1ºBAC

1. OBXECTIVOS.

OBX1 Aplicar as metodoloxías propias da ciencia utilizando con precisión procedementos, materiais e instrumentos adecuados, para responder a cuestións sobre procesos científicos

OBX2 Utilizar recursos variados, con sentido crítico e ético, para buscar e seleccionar información fiable e contrastada para resolver distintas cuestións e establecer traballos cooperativos e colaborativos.

OBX3 Comprender e interpretar os procesos biolóxicos, xeolóxicos, ambientais, fisicoquímicos e tecnolóxicos e explicalos utilizando os principios, leis e teorías científicas adecuadas, para responder a cuestións da vida cotiá.

OBX4 Valorar a importancia dos estilos de vida relacionados coa sostibilidade, a saúde e as novas tecnoloxías e materiais fomentando hábitos saudables baseándose nos fundamentos científicos, para adoptalos e promovelos na súa contorna.

OBX5 Argumentar, relacionar, reflexionar e aplicar o pensamento científico e os razoamentos lóxicos, mediante a procura e selección de estratexias apropiadas, para resolver cuestións e problemas relacionados coas ciencias experimentais.

OBX6 Analizar a contribución dos avances científicos e das persoas que se dedican á ciencia con perspectiva de xénero e entendéndoa como un proceso colectivo e interdisciplinar en continua construción e evolución, para valorar o seu papel esencial no progreso da sociedade.

2. MATERIAIS DIDÁCTICOS.

Libro de texto, Cultura Científica . Editorial SANTILLANA.

Aula virtual, e material fotocopiable , así como textos para analizar da web

Contidos

Secuencia	* Título da UD	Descrición	*Nº de sesións	*% Peso na materia	1º trim.	2º trim.	3º trim.
			140	100			
1	O Universo	Nesta unidade estúdase a orixe e a evolución do Universo así como os compoñentes do Sistema Solar	12	6	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
2	O planeta Terra	Esta unidade aborda a comprensión da Terra desde a perspectiva da súa dinámica interna.	12	9	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
3	Os riscos	Nesta unidade analízanse os factores de risco e diferéncianse os riscos internos dos externos	10	6	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
4	A vida na Terra	Nesta unidade afóndase nas hipóteses sobre a orixe da vida e a evolución celular.	12	9	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
5	A evolución	Nesta unidade trabállase a teoría e probas da evolución así como a evolución humana.	12	8	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
6	A saúde mental e as drogas	Esta unidade vértase en torno os trastornos mentais e os problemas derivados do uso das drogas	10	8	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
7	O sistema inmune	Esta unidade aborda a resposta inmune, os tipos de enfermidades e a vacinación.	12	10	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
8	A reprodución e o sexo	Nesta unidade estúdanse aspectos en relación a reprodución como as técnicas anticonceptivas e de reprodución asistida e a sexualidade como os	12	9	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
9	Os avances en biomedicina	Nesta unidade analízanse os avances en terapias e tratamentos médicos así como as aplicacións da biotecnoloxía.	12	10	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
10	Os materiais	Nesta unidade relaciónase o desenvolvemento da sociedade coa utilización dos materiais e os residuos que xeran.	12	8	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
11	Os avances tecnolóxicos	Esta unidade céntrase no coñecemento da informática na ciencia, as aplicacións da tecnoloxía dixital e os riscos asociados á conectividade.	12	8	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
12	A conservación do medio ambiente	Nesta unidade estúdanse os diferentes recursos e o fontes de enerxía así como as causas e consecuencias da súa explotación.	12	9	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

En cada trimestres realizaranse dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación.

En cada avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

Realización de probas escritas: a media da nota obtida nas dúas probas representará o 50% da nota da avaliación.

O outro 50%, vén definido polos criterios de avaliación pertencentes ao Bloque 1 que se recollen nas táboas de indicadores. Estes criterios de avaliación, estarán asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades:

- Prácticas de laboratorio
- Traballos cooperativos
- Traballos individuais
- Caderno de aula
- Proxecto científico

A nota da avaliación **final** será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

No caso de decimais na nota final de cada avaliación, redondearase según os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7 na avaliación)

4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Procedemento de avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de avaliación: proba escrita. Peso no total do trimestre: 50 %

Procedemento de avaliación: tarefas. Instrumento de avaliación: táboa de indicadores, observación diaria. Peso no total do trimestre: 50 %

5. SISTEMA DE RECUPERACIÓN.

Criterios de recuperación:

O alumnado que obteña unha cualificación negativa nalgunha das tres avaliacións do curso realizará ao principio de xuño unha proba final para poder recuperalas. A cualificación da avaliación nesta proba final será o 100% da nota da avaliación. O aprobado establécese no 5.

Avaliación extraordinaria

Os alumnos e as alumnas que ao remate do período ordinario non supere a materia poderán realizar unha proba escrita extraordinaria no mes de xuño.

A cualificación nesta convocatoria será 100% do resultado de dita proba. A materia estará superada cunha nota igual ou superior a 5.

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

De cada proba escrita obxectiva realizarase unha segunda de recuperación. A realización da proba de recuperación será obrigatoria para o alumnado que obteña unha cualificación inferior ao 50% do máximo na primeira proba. A cualificación final de cada proba corresponderá á maior das obtidas en cada unha das oportunidades.

Nas últimas semanas do curso, o alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas de recuperación daquelas unidades didácticas que non superase no seu momento.

A recuperación realizarase por cada unidade didáctica. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.